

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O NOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as nove horas e trinta e oito minutos do día nove de febreiro de dous mil dezaoto, xúntanse en sesión extraordinaria e urxente, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

##### Concelleiro/as:

Dna. Raquel Caruncho Corral.  
D. José Simoes Couceiro.  
Dna. Yolanda Vázquez Busto.  
Dna. Silvia Fornos Permuy  
Dna. Marta Pico Machado.  
Dna. María Carmen Piñeiro Varela.  
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.  
D. Andrés Pérez Pérez.  
D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Foron asistidos polas Secretaria e a Interventora Municipais.

##### Non asiste:

Dna. Ana María Veira García.  
D. Francisco Javier Crespo Romeo.  
D. Pedro Amado Sanmartín.

##### Secretaria:

D<sup>a</sup>. Ana Ramos Ramos

##### Interventora

D<sup>a</sup>. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### **1.-RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN E INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

#### **“ PROPOSTA DE ACORDO**

#### **RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 09.02.2018 E INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA.**

#### **Expediente: 2018/G006/000018**

*A urxencia da celebración desta sesión Plenaria ven derivada debido á necesaria tramitación do expediente para a execución da obra para “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume” no prazo máis breve posible debido as razóns de interese público existentes co obxecto de garantir a estabilidade e a seguridade dos edificacións localizadas nas inmediacións do ámbito da obra e co fin de dar cumprimento ao establecido na Addenda*



do Convenio de Colaboración para a financiación do presente contrato asinado o día 15/12/2017, no relativo ao prazo máximo para xustificar o presente investimento. Con todo isto, e dada a competencia plenaria da contratación por razón da porcentaxe do orzamento de licitación así como a periodicidade mensual das súas sesións, determinan que sexa conveniente para o interese público tratar o presente asunto, sen maior dilación mediante a convocatoria dun pleno extraordinario e non dilatar ata o vindeiro pleno ordinario do mes de febreiro a adopción dos acordos que se propoñen.

Por tanto, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.**- Ratificar a Urgencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello de Pontedeume de 09.02.2018.

**SEGUNDO.**- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión dos asuntos:

- **INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPEDIENTE Nº 2016/C003/000001.**
- **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA "REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL". EXPEDIENTE: 2016/C003/000001.**

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente á data sinalada na marxe.”

Dende a Presidencia incídese nos motivos da urxencia.

Non habendo intervencións o respecto, sométese a proposta a votación quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.**- Ratificar a Urgencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello de Pontedeume de 09.02.2018.

**SEGUNDO.**- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión dos asuntos:

- **INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPEDIENTE Nº 2016/C003/000001.**
- **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA "REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL". EXPEDIENTE: 2016/C003/000001.**

**2.- INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPTE Nº 2016/C003/000001**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Expediente: 2018/G006/000016)

Vista o acordo do Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente de data 5/11/2015 polo que se aproba o proxecto de obras "Rehabilitación e ampliación do Mercado Municipal de Ponte deume" redactado polos arquitectos Don Manuel Carbajo Capeáns e Don Celso Barios Ceide en outubro de 2015.

Visto o acordo do Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente de data 14/11/2016 polo que se acorda a adxudicación das obras de "Rehabilitación e ampliación do Mercado Municipal de Ponte deume" á empresa Acciona Infraestructuras, S.A.

Visto que a empresa Acciona Infraestructuras, S.A. presenta en xaneiro de 2017 un informe sobre a viabilidade da execución da excavación en talude na Rúa San Miguel prevista no proxecto, analizando as características do terreno e os condicionantes existentes, como os servizos afectados e as edificacións próximas, concluíndo a necesidade de completar a información xeotécnica existente.

Consta documento da empresa Acciona Infraestructuras, S.A. de febreiro de 2017 no que se presenta unha valoración para a execución dunha pantalla de pilotes na Rúa San Miguel.

Con data de marzo de 2017 preséntase por parte de Eptisa, S.A., empresa adxudicataria do control de calidade das obras de "Rehabilitación e ampliación do Mercado Municipal de Ponte deume", Protocolo de grietas. Inventario do estado actual dos edificios colindantes coa Rúa San Miguel e afectados pola execución do proxecto, redactado polo arquitecto técnico Don Saúl González Casás.

Vista a nota técnica remitida por parte de Eptisa, S.A. con data de rexistro de entrada no Concello 24/03/2017 (nre 1504) no que se advirte da necesidade da realización dun estudo xeotécnico con recoñecemento dos terreos na aliñación máis próxima aos edificios para determinar se se apoian sobre o recheo ou sobre terreno natural coa finalidade de coñecer as súas características resistentes e poder así esclarecer a tipoloxía do material sobre o que están apoiados e decidir así se se verían afectados por unha excavación aberta ou non.

Visto o resultado da campaña xeotécnica con data de rexistro de entrada no Concello 30/05/2017 (nre 2807) asinado polos xeólogos Francisco Martínez Lozano e Miguel Ángel Lucas no que se conclúe:

"Estos cálculos indican la necesidad de llevar a cabo la construcción de una pantalla dado que el factor de seguridad obtenido es netamente inferior al recomendado por el CTE (1.80 frente a 1.14 obtenido en los cálculos). En este sentido indicar que la contención podrá resolverse mediante la construcción de un muro pantalla o bien la construcción de una pantalla de pilotes. /.../"

Logo do traslado por parte do Concello os días 18/03/2017 e 14/06/2017 aos redactores do proxecto da documentación sobre os resultados dos novos datos obtidos da campaña xeolóxica para a emisión dun informe xustificativo onde se ratifique a solución proposta no proxecto de outubro de 2015 ou se propoñan medidas alternativas que sexan construtivas, con data 26/06/2017 (nre 3426) recíbese informe dos redactores do proxecto no que se indica que quedará ao criterio da Dirección Facultativa da obra á vista do resultado da excavación.

Consta informe técnico da Dirección Facultativa da obra de data 08/08/2017 no que se solicita á empresa encargada da realización do Control de calidade da obra dunha nota técnica sobre a viabilidade técnica da proposta realizada polos redactores do proxecto.



Con data 04/09/2017 (nre 4748) recibese escrito de contestación por parte de Eptisa, S.A. á consulta da Dirección Facultativa da obra asinada polo arquitecto técnico Saúl González Casás, na que se conclúe:

*".../ se recomienda la revisión del proyecto en el sentido de calcular una medida de contención previa a la ejecución de la ampliación de la estrutura del Mercado que de acuerdo a lo reflejado en nuestro E.G. podría consistir en la ejecución de pilotes tangentes, recalando que:*

*El encaje en cabeza de este muro de pilotes no podría ser mediante bulones (barras de acero) inyectado, debido a la baja adherencia de los materiales del trasdós, por cuyo motivo se deja abierta la posibilidad de llevar a cabo algún tipo de entibación provisional, hasta que la estructura pueda soportar los empujes.*

*Otra posibilidad alternativa para el sostenimiento en cabeza del nuevo muro podría consistir en la instalación de anclajes mediante cables, los cuales permiten alcanzar mayores longitudes que los bulones, aumentando su adherencia y por tanto su capacidad de carga."*

Visto o informe da da arquitecta municipal e Directora da Obra, Marta Gómez Fernández e do arquitecto técnico municipal, David Álvarez Ferreiro, Director de execución da obra de data 19/01/2018, o que literalmente se transcribe para constancia:

#### **"INFORME TÉCNICO**

OBRA:	<b>REFORMA E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL</b>
EXPEDIENTE OBRA	<b>2016/C003/000001</b>
SITUACIÓN	<b>PRAZA DO CONDE</b>
CONCELLO	<b>PONTEDEUME</b>
PROMOTOR	<b>CONCELLO DE PONTEDEUME</b>
CONTRATISTA	<b>ACCIONA CONSTRUCCIÓN S.A.</b>

#### **OBXECTO DO INFORME**

Redactase o presente informe ós efectos de iniciar a tramitación do expediente de modificación de proxecto da obra **"REFORMA E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME"**.

O presente informe non entra a valorar os aspectos xurídicos, que deberan ser considerados por quen correspondan. Así mesmo, non se entra en consideracións relativas ó procedemento nin á tramitación do presente expediente.

#### **ANTECEDENTES**

Con data de 5 novembro 2015, o pleno do Concello de Pontedeume acorda a aprobación do proxecto de reforma e ampliación do mercado municipal. O proxecto, redactado polos arquitectos Manuel Carbajo e Celso Barrios, recolle a reforma completa da edificación histórica xunto coa construción dunha nova edificación que posibilite albergar parte da superficie

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

comercial e o conxunto dos espazos auxiliares. A construción desta nova edificación, en adiante denominada ampliación do mercado, implica a execución de unha escavación en talude valeirando parte de rúa San Miguel, e posteriormente substituíndo ese valeirado coa nova construción. O proxecto inclúe estudo xeotécnico asinado en xullo de 2014 polo xeólogo Oscar Chacón M.

O 23 de novembro de 2016 se asina a acta de comprobación do reformulo da obra.

En xaneiro e febreiro de 2017, a empresa adxudicataria da obra, remite á dirección facultativa memoria valorativa da viabilidade de execución da escavación do talude.

Nos seguintes meses, se leva a cabo traballos de análise e valoración das condicións da escavación, remitindo á empresa adxudicataria do control de calidade (Eptisa) a documentación e as consultas necesarias. Se remite correo electrónico con data 3 de marzo de 2017 solicitando resposta ás consultas.

Consta documentación do protocolo de grietas e inventario do estado actual dos edificios lindantes coa rúa San Miguel é afectados pola escavación do proxecto asinado polo arquitecto técnico Saúl Gonzalez Casás e emitido por Eptisa en calidade de control de calidade en marzo de 2017.

Con data de rexistro de entrada no Concello 24/03/2017 e nre 1504, simultaneamente ó análise do control de grietas, Eptisa presenta nota técnica sobre a escavación a realizar na Rúa San Miguel asinada o 13 de marzo de 2017 polo xeólogo A. Martinez Lozano. A nota técnica recomenda facer estudio no terreo máis próximo ós edificios para determinar se están sobre recheo ou sobre terreo natural, así como coñecer as características resistentes. Realizaranse polo menos dous soneos e ensaios SPT. O resultado determinará a tipoloxía do material sobre o que se asentan os edificios de vivendas e deducir se estarán afectados pola escavación.

Con data 24 de marzo de 2017 se emite informe técnico municipal, en calidade de dirección facultativa da obra, no que se considera necesario ampliar os datos de estudo do terreo segundo se indica na nota técnica de Eptisa.

Con data 30/05/2017 nre 2807 Eptisa presenta resultado da campaña xeotécnica no talude colindante co mercado asinado o 18/05/2017 por Francisco Martinez Lozano e Miguel Angel Lucas, xeólogos; no que se conclúe: "Estos cálculos indican a necesidade de levar a cabo a construción de una pantalla dado que el factor de seguridad obtenido es netamente inferior al recomendado por el CTE (1.80 frente a 1.14 obtenido en los cálculos). En este sentido indicar que la contención podrá resolverse mediante la construción de un muro pantalla o bien la construción de una pantalla de pilotes. /.../"

Con data 26/06/2017 nre 3426 os redactores do proxecto Manuel Carbajo e Celso Barrios remiten informe relativo ós novos datos obtidos da campaña no que indican que quedará ó criterio da dirección facultativa á vista do resultado da escavación.

Con data 04/09/2017 nre 4748 Eptisa presenta contestación á consulta da dirección facultativa sobre nota técnica sobre a viabilidade técnica da proposta do redactor do proxecto. A nota técnica, asinada o 11/08/2017 por Saúl Gonzalez Casás, conclúe: "/.../ se recomienda la revisión del proyecto en el sentido de calcular una medida de contención previa a la ejecución de la ampliación de la estrutura del Mercado que de acuerdo a lo reflejado en nuestro E.G. Podría consistir en la ejecución de pilotes tangentes, recalcando que:



El encaje en cabeza de este muro de pilotes no podría ser mediante bulones (barras de acero) inyectado, debido a la baja adherencia de los materiales del trasdós, por cuyo motivo se deja abierta la posibilidad de llevar a cabo algún tipo de entibación provisional, hasta que la estructura pueda soportar los empujes.

Otra posibilidad alternativa para el sostenimiento en cabeza del nuevo muro podría consistir en la instalación de anclajes mediante cables, los cuales permiten alcanzar mayores longitudes que los bulones, aumentando su adherencia y por tanto su capacidad de carga.”

## **CONSIDERACIONES TÉCNICAS**

**Primeiro.** Vistos os antecedentes enumerados e vistos os datos do estudo de grietas e as conclusións da empresa adxudicataria do control de calidade, a dirección facultativa da obra de reforma e ampliación do mercado municipal de Pontedeume, considera sobradamente xustificada a necesidade de modificar o citado proxecto co obxecto de garantir a estabilidade e seguridade dos edificios localizados nas inmediacións do ámbito da obra. As modificacións necesarias veñen derivadas principalmente de circunstancias xeolóxicas obxectivas que se manifestaron unha vez se realizan, en fase de execución, os estudos de grietas das edificacións lindoiras e as campañas xeolóxicas exahustivas que determinan datos máis desfavorables dos previstos inicialmente e dos que se podían estimar na fase de redacción do proxecto.

**Segundo.** Unha vez establecida a necesidade de modificación do proxecto e dadas as circunstancias de financiación da obra e da urxencia na execución, á iniciativa da Alcaldía se propón que o proxecto modificado manteña o orzamento de execución material orixinal, isto é que o proxecto modificado non aumente o orzamento de adxudicación.

En opinión da dirección facultativa, resulta viable redactar un proxecto modificado mantendo todas as prestacións iniciais, e garantindo a seguridade, uso e completa funcionalidade do edificio e ó mesmo tempo incluído as partidas necesarias para a execución da escavación e posterior estrutura da ampliación do mercado en condicións de seguridade.

Isto resulta posible, como se indica nos apartados seguintes, dado que a execución do novo sistema de contención substitúe partidas existentes do proxecto orixinal. Así mesmo, unha vez analizado o proxecto en fase de obra, se considera adecuado eliminar e/ou reducir certas partidas.

**Terceiro.** Segundo o establecido no prego de cláusulas administrativa que e rexe a licitación das obras de reforma e ampliación do mercado e no establecido nos art. 105, 106, 107, 108, 219, 234 do Texto refundido da lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP):

*A modificación do proxecto atende a razóns de interese público, non engade prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, e non incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.*

*A modificación non excede do 10% do prezo do contrato. De feito, non debería variar o prezo.*

*A modificación do proxecto non altera as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fai necesaria.*

**Cuarto.** A continuación se fai unha relación enunciativa non limitativa de propostas de modificación. En todo caso, a concreta modificación do proxecto estará condicionada con cálculos e estudos levados a cabo polo equipo redactor do proxecto modificado.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O proxecto modificado incorporará as partidas necesarias para realizar unha contención do terro no entorno da rúa San Miguel, como pode ser mediante unha pantalla de pilotes. A pantalla implica a non execución da escavación prevista na rúa San Miguel, a non execución do muro tal e como está previsto no proxecto, a innecesariedade de reposición de pavimentos e a innecesariedade da impermeabilización definida no proxecto.

En canto a medidas correctoras, se propón a racionalización do sistema de iluminación exterior e do sistema de saneamento deseñando un sistema de mais sinxelo mantemento; a substitución do material de acabado para aseos e cuartos húmidos para facilitar limpeza e mantemento.

Se propón eliminar do proxecto aqueles elementos de mobiliario, peches de postos e acondicionamento interior que non sexan necesarios para a apertura do edificio. Para estes elementos se propón incluír todas estas actuación xunto con outras non contempladas no proxecto, como é a cartelería, sinalética e condicións de deseño interiores dos postos, en un proxecto unitario e integral para unificar a imaxe, mobiliario e decoración do mercado.

**Quinto.** Con todo o exposto se solicita a redacción dun proxecto modificado con saldo de incremento económico estimado a CERO euros (ive incluído) sobre o orzamento de adjudicación e no que se recollan estas e calquera outras actuación necesarias.

Informe emitido segundo o noso leal saber e entender e salvo consideracións mellor fundadas ás que se someten os técnicos que subscriben, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule no preceptivo informe xurídico ou en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida. Salvo dereito de propiedade e sen perxuízo a terceiros. O órgano competente para a resolución adoptará o acordo que estime máis oportuno.

En Ponte deume, a 19 de xaneiro de 2018,

DIRECCIÓN TÉCNICA DA OBRA	
Arquitecta do Concello	Arquitecto Técnico do Concello
Director de Obra	Director de execución da obra
Marta Gómez Fernández	David Álvarez Ferreiro

“

Considerando o establecido na cláusula 34 do prego de cláusulas administrativas particulares da obra “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume”, relativo ás modificacións de obras, no que se recolle como posibles modificacións, cando non se recollan na documentación que rexe a licitación: “[...] Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adjudicación do contrato e que non fosen previsibles con



anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas [...]”.

Considerando o establecido na lexislación aplicable, isto é os artigos 105, 106, 107, 108, 210, 218, 219 e 234 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de Novembro e tendo en conta que a necesidade da modificación do proxecto de obra “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume” se apoia en razóns de interese público, xa que ten por obxecto garantir a estabilidade e a seguridade dos edificios localizados nas inmediacións do ámbito da obra, derivan de circunstancias obxectivas (circunstancias xeolóxicas), non amplía o obxecto do contrato nin incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente, non excede do 10% do prezo do contrato e non altera as condicións esenciais da licitación, limitándose só a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fai necesaria.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional 2ª do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de Novembro.

Visto canto antecede esta alcaldía-presidencia, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguadora das bases do réxime local, pola presente **PROPÓN ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar a petición da dirección facultativa de iniciar mediante a tramitación urxente o expediente de modificación do proxecto de obra para “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume” redactado en outubro de 2015, debido ás circunstancias obxectivas de tipo xeolóxico que fan inadecuado o mesmo para as obras de referencia manifestadas unha vez se realizan, en fase de execución, os estudos de grietas das edificacións lindadeiras e as campañas xeolóxicas exhaustivas que determinan datos máis desfavorables dos previstos inicialmente e dos que se podían estimar na fase de redacción do proxecto, de conformidade co establecido no informe técnico da Dirección de Obra de data 18/01/2018.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo aos redactores do proxecto de obra Manuel Carbajo Capeáns e Celso Barrio Ceide para que procedan no prazo máis breve posible, dada a tramitación urxente do presente expediente e para dar cumprimento aos prazos previstos no artigo 234.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de Novembro, á modificación do mesmo de conformidade coas propostas de modificación recollidas no informe da Dirección de obra de 18/01/2018, sendo as seguintes:

O proxecto modificado incorporará as partidas necesarias para realizar unha contención do terreo no entorno da Rúa San Miguel, como pode ser mediante unha pantalla de pilotes. A pantalla implica a non execución da excavación prevista na rúa San Miguel, a non execución do muro tal e como está previsto no proxecto, a innecesariedade de reposición de pavimentos e a innecesariedade da impermeabilización definida no proxecto.

En canto a medidas correctoras, se propón a racionalización do sistema de iluminación exterior e do sistema de saneamento deseñando un sistema de mais sinxelo mantemento; a substitución do material de acabado para aseos e cuartos húmidos para facilitar limpeza e mantemento.

Se propón eliminar do proxecto aqueles elementos de mobiliario, peches de postos e acondicionamento interior que non sexan necesarios para a apertura do edificio. Para estes elementos se propón incluír todas estas actuacións xunto con outras non



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*contempladas no proxecto, como é a cartelería, sinalética e condicións de deseño interiores dos postos, en un proxecto unitario e integral para unificar a imaxe, mobiliario e decoración do mercado.*

*Se solicita a redacción dun proxecto modificado con saldo de incremento económico estimado a CERO euros (ive incluído) sobre o orzamento de adxudicación e no que se recollan estas e calquera outras actuación necesarias.*

**TERCEIRO.-** De conformidade co disposto no artigo 211.1 e 234.3 do TRLCSP, póñase de manifesto o presente acordo e o expediente completo a Acciona Infraestructuras, S.A. e aos redactores do proxecto, en trámite de audiencia, para que no prazo de cinco (5) días naturais, aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes, de ser o caso.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria e á Deputación Provincial da Coruña para os efectos de dar cumprimento ao establecido no cláusula 9ª do Convenio de Colaboración para a financiación da obra de "Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume" asinado o día 7 de novembro de 2016.

**QUINTO.-** Dar traslado aos servizo de urbanismo do Concello debido aos efectos técnicos implícitos no presente acto administrativo.

**SEXTO.-** Dar conta na vindeira sesión da Comisión informativa permanente de Asuntos Xerais do Pleno, atendendo ao establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

*Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.*

*Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.*

*En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde, Don Bernardo Fernández Piñeiro."*

De seguido, o Sr. Presidente abre a quenda para o debate, explicando o motivo da modificación do proxecto, que deriva das sondaxes realizadas na rúa San Miguel, que obrigan á modificación do proxecto, logo de que se tiveran estudado distintas posibilidades (pilotaxe, inxección de formigon...), con custo cero, modificando outras partidas orzamentarias que se entenden non esenciais neste intre. Indica que se ben hoxe se aproba a modificación do proxecto xa se ten avanzado na dita modificación para que se empecen os traballos canto antes, logo das cuestións sobrevidas que retrasaron a execución da obra.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte, quen exerce a portavocía do Grupo Municipal do Partido Popular. A concelleira fai alusión ao escaso tempo para o estudo do asunto e que, aínda tendo boa vontade, bota en falta a celebración dunha comisión informativa na que se dera información ao respecto. Considera que este feito, a falla de tempo para o estudo dos asuntos, se está a dar ao longo de todo o mandato, polo que non serve como escusa e que un asunto complexo e crucial como é este non pode ser resolto en media hora. Manifesta dúbidas sobre o orzamento e sobre a orixe dos cartos para cubrir o gasto desta modificación, di que non se aumenta o orzamento pero que, en referencia ao informe técnico, proponse ese aumento.... Tendo claro que a responsabilidade é de todos, como se reflexa no expediente, fai referencia á problemática xurdida, vicios ocultos, pilotaxes..., di que cren e apostan por esta obra e por iso considera que non deben de quedar dúbidas entre a xente ao respecto. Indica que non dubidan, dise que a empresa "Acciona" acepte a execución da obra



da cuberta pero non hai nada por escrito... e pide esforzo e dixilancia para que a obra siga adiante e que empece e remate canto antes, que o seu grupo foi quen deu o primeiro paso e que están a sufrir as consecuencias, anuncia, por responsabilidade, o voto a favor do seu grupo, ao tempo que insiste no pouco tempo que tiveron para o estudo do asunto en aras da seguridade xurídica á hora de votar.

D. Bernardo Fernández Piñeiro explica as modificacións das partidas orzamentarias, onde baixan catro e sube unha. Di que a celebración dunha comisión informativa retrasaría dez días máis o asunto e que se está a abordar unha cuestión técnica que considera plenamente xustificada, non de carácter político. Sobre as dúbidas, di que "Acciona" non vai renunciar ao proxecto, que xa está falado, e que ten cinco días para presentar a oferta dende que se notifique o acordo; que no que respecta á Rúa San Miguel, os cálculos non eran correctos. Dito isto, pide que quede claro e que conste en acta, que son os técnicos os que poñen a modificación do proxecto, non a Alcaldía, para que non se digan cousas que non son. **!**

De seguido toma a palabra D. Jorge Serafín Allegue Freire quen, logo de desculpar a ausencia de Dna. Ana Veira García por motivos laborais, da conta da postura do Grupo Municipal do BNG ao respecto do proxecto do Mercado dende o mandato anterior, do PP, que é a que leva á situación actual. Di que no actual mandato, dende o seu grupo se ten proposto a consideración doutro proxecto, se ben non se tivo en conta. Di que non dubidan da boa vontade do Alcalde, mais que o resultado é este. Indica que non van poñer "pedras no camiño" e fai alusión ao que cualifica como "desfeita" na xestión da obra, anunciando o voto favorable, en aras de colaborar. Conclúe facendo referencia ao dano que lle ten causado ao tecido socio-económico eumés ter o Mercado Municipal pechado e agarda que esta sexa a última sorpresa neste asunto. Finalmente, pide que conste en acta que non están de acordo con que os praceiros no seu día teñan que realizar investimento para co acabado dos postos.

Pecha o debate D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Alcalde-Presidente, ao respecto desta última cuestión indicada polo Sr. Allegue Freire, di que, cando se licita, hai determinados aspectos que asumen as concesionarias dos postos, poñendo como exemplo os biombos de madeira que se retiran do proxecto. Indica que se valorará na licitación o xeito de compensar unhas cousas e outras se ben, en todo caso, hai cousas que sí lle corresponden ás concesionarias.

Concluídas as intervencións, sométese a PROPOSTA a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Autorizar a petición da dirección facultativa de iniciar mediante a tramitación urgente o expediente de modificación do proxecto de obra para "Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume" redactado en outubro de 2015, debido ás circunstancias obxectivas de tipo xeolóxico que fan inadecuado o mesmo para as obras de referencia manifestadas unha vez se realizan, en fase de execución, os estudos de grietas das edificacións lindoiras e as campañas xeolóxicas exhaustivas que determinan datos máis desfavorables dos previstos inicialmente e dos que se podían estimar na fase de redacción do proxecto, de conformidade co establecido no informe técnico da Dirección de Obra de data 18/01/2018.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo aos redactores do proxecto de obra Manuel Carbajo Capeáns e Celso Barrio Ceide para que procedan no prazo máis breve posible, dada a tramitación urgente do presente expediente e para dar cumprimento aos prazos previstos no artigo 234.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de Novembro, á modificación do mesmo de conformidade coas propostas de modificación recollidas no informe da Dirección de obra de 18/01/2018, sendo as seguintes:

- O proxecto modificado incorporará as partidas necesarias para realizar unha contención do terreo no entorno da Rúa San Miguel, como pode ser mediante unha pantalla de pilotes. A pantalla implica a non execución da excavación prevista na

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

rúa San Miguel, a non execución do muro tal e como está previsto no proxecto, a innecesiedade de reposición de pavimentos e a innecesiedade da impermeabilización definida no proxecto.

En canto a medidas correctoras, se propón a racionalización do sistema de iluminación exterior e do sistema de saneamento deseñando un sistema de mais sinxelo mantemento; a substitución do material de acabado para aseos e cuartos húmidos para facilitar limpeza e mantemento.

Se propón eliminar do proxecto aqueles elementos de mobiliario, peches de postos e acondicionamento interior que non sexan necesarios para a apertura do edificio. Para estes elementos se propón incluír todas estas actuación xunto con outras non contempladas no proxecto, como é a cartelería, sinalética e condicións de deseño interiores dos postos, en un proxecto unitario e integral para unificar a imaxe, mobiliario e decoración do mercado.

Se solicita a redacción dun proxecto modificado con saldo de incremento económico estimado a CERO euros (ive incluído) sobre o orzamento de adxudicación e no que se recollan estas e calquera outras actuación necesarias.

**TERCEIRO.-** De conformidade co disposto no artigo 211.1 e 234.3 do TRLCSP, pónase de manifesto o presente acordo e o expediente completo a Acciona Infraestructuras, S.A. e aos redactores do proxecto, en trámite de audiencia, para que no prazo de cinco (5) días naturais, aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes, de ser o caso.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria e á Deputación Provincial da Coruña para os efectos de dar cumprimento ao establecido no cláusula 9ª do Convenio de Colaboración para a financiación da obra de "Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume" asinado o día 7 de novembro de 2016.

**QUINTO.-** Dar traslado aos servizo de urbanismo do Concello debido aos efectos técnicos implícitos no presente acto administrativo.

**SEXTO.-** Dar conta na vindeira sesión da Comisión informativa permanente de Asuntos Xerais do Pleno, atendendo ao establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA "REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL".EXPEDIENTE: 2016/C003/000001.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**"PROPOSTA DE ACORDO**

**Expediente: 2018/G006/000017**

**APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA "REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL" (EXPEDIENTE: 2016/C003/000001)**



**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA).**

O Concello de Pontedeume ten adxudicado contrato de "Reforma e ampliación do mercado municipal" á entidade "ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A." por medio de acordo plenario de data 14/11/2016.

No transcurso da execución da antedita obra se procede por parte da Dirección de obra a dictar acta de suspensión temporal parcial de data 03/03/2017 das obras, logo de que se detectaran deficiencias na cuberta do mercado municipal; obra adxudicada á empresa Rumbo SL en data 3/10/2013 para a execución do proxecto de "Rehabilitación da cuberta do Mercado Municipal de Pontedeume".

Consta a tramitación previa e resolución do expediente de responsabilidade de vicios ocultos na obra de "Rehabilitación da cuberta do Mercado Municipal de Pontedeume".

Apróbase o proxecto de Reparación de deficiencias na cuberta do mercado municipal por medio de Decreto da alcaldía nº 754/2017 de data 12/12/2017 e foi cumprida a exposición pública do proxecto sen terse presentado alegacións

Tendo en conta que se dá cumprimento de todos e cada un dos requisitos legalmente esixidos para aplicar o réxime xurídico das obras complementarias ao presente expediente, segundo acredítase en sendos informes técnicos emitidos pola Arquitecta e Arquitecto técnico municipais, a súa vez directora de obra e director de execución da obra principal de datas 24 de abril de 2017, 11, 13 e 14 de setembro de 2017, e 31 de xaneiro de 2018. O último deles, con carácter definitivo, referido ao proxecto definitivamente aprobado, logo das rectificacións sobre o proxecto orixinal, derivado dos informes sectoriais obrantes no expediente.

Vista a acta de replanteo asinada polo Arquitecto técnico municipal de data 2/02/2018.

Visto o documento contable RC de data 2/02/2018 por importe de 264.457,61 euros.

Visto o informe de Intervención en relación ao importe do 10 % dos recursos ordinarios do orzamento de data 6/02/2018.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria municipal en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir de data 06/02/2018.

Redactado prego de cláusulas administrativas particulares que se incorpora ao expediente.

Visto o informe xurídico en relación cos pregos reguladores da contratación de data 06/02/2018 así como o informe de fiscalización emitido pola Interventora municipal en data 07/02/2018.

Vista a necesidade de executar as obras segundo se deixa acreditado nos informes técnicos obrantes no expediente, así como a falta de medios persoais e materiais para levar a cabo a presente actuación por medios propios o que determina a necesidade de acudir a presente contratación.

Vista a demanda cidadán e as razón de interese público, é preciso iniciar o procedemento de contratación mediante a tramitación urxente, segundo se fundamenta na providencia de incoación do expediente emitida por esta Alcaldía en data 1 de febreiro de 2018, así como por procedemento negociado co contratista adxudicatario da obra principal atendendo ao réxime xurídico aplicable as obras complementarias.

Tendo en conta que o orzamento do proxecto aprobado para a execución da obra de "Reparación de deficiencias na cuberta do mercado municipal" ascende á cantidade de 217.195,63 euros e 45.611,08 de IVE, pero que atendendo ao indicado artigo 171 b) do

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TRLCSF, aos efectos da tramitación do expediente de contratación de obra complementaria segundo informe técnico de data 31.1.2018 o orzamento base de licitación, ao aplicar os "prezos do contrato primitivo" ao proxecto de obra complementario resulta a cantidade definitiva de orzamento base de licitación para este expediente do que se inicia a tramitación de 218.560,01 euros aos que se adicionan 45.897,60 euros de IVE, facendo un total de 264.457,61 euros.

Considerando o establecido na lexislación aplicable seguinte:

— Os artigos 6, 76, 87.5, 112, 121 e seguintes, 151.3, 169, 170, 171, 178, 229 e Disposición Adicional Segunda seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— Os artigos 118 a 179 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009).

— A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Visto cando antecede, e en cumprimento do establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 e despois de examinar a documentación achegada PROPOÑO, para a súa aprobación se procede polo Pleno da corporación, órgano competente:

**PRIMEIRO.** Aprobar expediente de contratación para a adxudicación das obras incluídas no proxecto técnico denominado "Reparación de deficiencias na cuberta do mercado municipal".

**SEGUNDO.-** Autorizar, pola contía de 218.560,01 euros aos que se adicionan 45.897,60 euros de IVE, facendo un total de 264.457,61 euros o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do orzamento municipal deste concello en vigor.

**TERCEIRO.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de obras incluídas no proxecto técnico denominado "Reparación de deficiencias na cuberta do mercado municipal" por procedemento negociado co contratista adxudicatario da obra principal, atendendo ao réxime xurídico aplicable as obras complementarias e tramitación urgente.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo acompañado de copia do proxecto e dos pregos reguladores da contratación á entidade mercantil "ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A." aos efectos de que formule a súa oferta e aporte a documentación na forma e prazo indicado no prego de cláusulas administrativas particulares.

**QUINTO.-** Convocar Mesa de Contratación que será a que asuma todas as competencias que se lle asignan a este órgano colexiado tanto nos pregos reguladores de contratación como na lexislación de contratos do sector público, aplicable ao expediente, que quedará integrada do seguinte xeito:

Presidente: Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente



Vocais: *Marta Gómez Fernández, arquitecta municipal*

*David Álvarez Ferreiro, arquitecto técnico municipal*

*Lucía Varela Martínez, interventora municipal*

*Ana Ramos Ramos, secretaria municipal*

Secretaria: *María Roca Vázquez, administrativa (Área de Urbanismo)*

**SEXTO.-** *Dar traslado da presente resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería debido aos efectos económicos implícitos ao presente acto administrativo.*

**SETIMO.-** *Dar traslado aos servizo de urbanismo do Concello debido aos efectos técnicos implícitos no presente acto administrativo.*

**OITAVO.-** *Dar conta na vindeira sesión da Comisión informativa permanente de Asuntos Xerais do Pleno, atendendo ao establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*Non obstante o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.*

*Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume, á data sinalada á marxe."*

De seguido, dende a Presidencia ábrese a quenda para o debate explicando a tramitación levada a cabo dende que se tivera detectado a problemática, que implicou moito traballo, tanto dende o punto xurídico como técnico, que hai que recoñecer. Celebra que, logo da negociación con Patrimonio ao respecto da madeira, por fin se teña o novo proxecto. Indica que se está á espera da reclamación en vía xudicial. Agarda que o 10 de marzo se poda iniciar a obra.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte quen se remite á intervención do punto anterior. Insiste na necesidade de que se aclaren as dúbidas, non sobre o proxecto nin sobre que a obra vaia adiante, se non ao respecto da tramitación e dos datos do expediente. Pide que o Sr. Alcalde os chame para isto.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que os departamentos do Concello están para atender estas dúbidas.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte considera que o Sr. Alcalde debería ter en conta as limitacións e inconvinientes do traballo da oposición en tanto que se ten que pedir tempo na súa empresa para acudir ao Concello.

D. Bernardo Fernández Piñeiro defende a xestión en aras o interese público.

Finalmente, toma a palabra D. Jorge Serafín Allegue Freire quen ao igual que a concelleira do PP, remítese á súa intervención no punto anterior.

Concluídas as intervencións, sométese a PROPOSTA a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar expediente de contratación para a adxudicación das obras incluídas no proxecto técnico denominado "Reparación de deficiencias na cuberta do mercado municipal".

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**SEGUNDO.-** Autorizar, pola contía de 218.560,01 euros aos que se adicionan 45.897,60 euros de IVE, facendo un total de 264.457,61 euros o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do orzamento municipal deste concello en vigor.

**TERCEIRO.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de obras incluídas no proxecto técnico denominado "Reparación de deficiencias na cuberta do mercado municipal" por procedemento negociado co contratista adxudicatario da obra principal, atendendo ao réxime xurídico aplicable as obras complementarias e tramitación urxente.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo acompañado de copia do proxecto e dos pregos reguladores da contratación á entidade mercantil "ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A." aos efectos de que formule a súa oferta e aporte a documentación na forma e prazo indicado no prego de cláusulas administrativas particulares.

**QUINTO.-** Convocar Mesa de Contratación que será a que asuma todas as competencias que se lle asignan a este órgano colexiado tanto nos pregos reguladores de contratación como na lexislación de contratos do sector público, aplicable ao expediente, que quedará integrada do seguinte xeito:

Presidente: Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente

Vocais: Marta Gómez Fernández, arquitecta municipal

David Álvarez Ferreiro, arquitecto técnico municipal

Lucía Varela Martínez, interventora municipal

Ana Ramos Ramos, secretaria municipal

Secretaria: María Roca Vázquez, administrativa (Área de Urbanismo)

**SEXTO.-** Dar traslado da presente resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería debido aos efectos económicos implícitos ao presente acto administrativo.

**SETIMO.-** Dar traslado aos servizo de urbanismo do Concello debido aos efectos técnicos implícitos no presente acto administrativo.

**OITAVO.-** Dar conta na vindeira sesión da Comisión informativa permanente de Asuntos Xerais do Pleno, atendendo ao establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as dez horas e catorce minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

